

5

[Empty dashed box for writing]

[Empty dashed box for writing]



[Empty dashed box for writing]



Podemos facer o ben ou o mal



Pensa e escribe.

Dúas cousas que sempre fas ben

- ◆ .....
- ◆ .....


Dúas cousas que ás veces fas mal

- ◆ .....
- ◆ .....


No noso mundo hai moitas cousas que non van ben.




Busca fotografías de xornais ou revistas que reflictan males que hai no noso mundo: a violencia, a mentira, a inxustiza, as guerras...  
Debuxa ou pega aquí algunha delas.




É coma un enfermo que necesita ser curado.



"Viu Deus todo o que fixera, e todo era moi bo."  
Xénese 1,31



"O Señor Deus formou o home... despois, o Señor Deus formou a muller."  
Xénese 2,7.22




O primeiro home, Adán, e a primeira muller, Eva, desobedeceron a Deus: "Deus deulle ao home este mandato: Non comas da árbore... E comeu."  
Xénese 2,16; 3,6

**Así entrou o mal no mundo.**

"Por un home entrou o pecado no mundo e co pecado a morte. E, como todos os homes pecaron, a todos alcanzou a morte."

Romanos 5,12



"E, como pola desobediencia dun só, todos foron feitos pecadores..., tamén, pola obediencia dun só, todos alcanzarán a salvación."

Romanos 5,19



"Naceuvos hoxe un Salvador, que é o Mesías, o Señor."

Lucas 2,11





Observa o debuxo, identifica os personaxes e escribe os seus nomes



.....  
.....

.....  
.....



**Comenta a primeira parte do debuxo:**

- ¿Que lles pasa a Adán e Eva? ¿Están tristes ou contentos? ¿Por que? ¿Que fixeron?
- ¿Que males entran no mundo a causa do pecado?
- ¿Que prometeu Deus para salvar a humanidade?

**Observa a segunda parte do debuxo:**

- ¿A quen representa a Señora co neno nos brazos? ¿E o neno?
- ¿Que di dese neno o evanxeo de san Mateo?